

---

## Nova actualización de Cambridge Structural Database (CSD)

- Actualizado ()

O día 26 de Maio de 2009, instalouse a actualización de Maio de 2009 da base de datos do CSD, contendo 10821 novas estruturas, o que supón un total de 483021 entradas na base de datos.

A Cambridge Structural Database é unha base de datos que recolle información bibliográfica, química e cristalográfica de compostos orgánicos e organometálicos obtida mediante difracción de raios X e difracción de neutróns.

Usuarios habituais: Químicos inorgánicos, orgánicos e teóricos.

Usuarios potenciais: Químicos e físicos, que traballen en sínteses ou caracterización de estruturas moleculares e necesiten comparar con estruturas identificadas en bibliografía.

Información adicional: visite <http://www.ccdc.cam.ac.uk/products/csd>

Máquina de acceso: [svgd.cesga.es](http://svgd.cesga.es)

### GUIA DE USO:

A completa guía de uso, así como información adicional sobre este software, pódese atopar na pagina oficial do Cesga (<http://www.cesga.es>) baixo Computación > Aplicacións > Bases de Datos Científicas > CSD ou directamente na seguinte URL:

[http://www.cesga.es/php/mas\\_info\\_es.php?id=48](http://www.cesga.es/php/mas_info_es.php?id=48)

Se se quere coñecer o contido da nova actualización, no programa ConQuest (comando cq), selecciónense as opcións View Databases > Entries in CSD version 5.29 (November 2007) ou View Databases > Entries in CSD version 5.29 updates.

Ante algún problema co programa ou a actualización, non dubide en porse en contacto connosco a través de [aplicacions@cesga.es](mailto:aplicacions@cesga.es), indicando no asunto "Erro en CSD".